
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO APOIE A MÚSICA AO VIVO E A CULTURA SEGURA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 20 de abril a Federación da Música do Estado Español (Es_Música) manifestou, nun comunicado, a súa total oposición ao plan para a prohibición de eventos culturais que, segundo a comunicación social, estaría a preparar de xeito inminente o Ministerio de Sanidade. A entidade transmitiu tamén o seu malestar ante a inacción do Ministerio de Cultura sobre estas posibles medidas.

Durante o máis dun ano que levamos xa de pandemia, o sector da música e da cultura foi un exemplo absoluto de seguridade e responsabilidade en todas as fases e ondas da covid, asegurando que non se produciran surtos e contaxios e sendo recoñecido este traballo polas diferentes autoridades sanitarias.

A intención do Goberno español implica unha xeneralización indiscriminada que ignora os protocolos e probas piloto proporcionadas polo sector para garantir o mellor equilibrio entre a saúde e a actividade cultural. Unha xeneralización que, ademais, afecta especialmente á nosa cidade xa que a vida cultural e artística é un dos elementos singulizadores de Santiago de Compostela.

Esta previsible medida, tamén, xera unha grave e grande incerteza para todas as persoas creadoras e traballadoras da música ao vivo. Un sector que debemos protexer e ao que debemos recoñecer o seu estrito cumprimento dunha normativa rigorosa sabendo adaptar este coñecemento e códigos de traballo para garantir a seguridade sanitaria da cidadanía na pandemia.

Neste sentido, Compostela é unha cidade especialmente afectada pola crise da cultura e da música ao vivo, parte fundamental da nosa ideosincracia e singularidade. Mais tamén da nosa economía posto que a actividade cultural aglutinaba, en 2017, o 3,2% das afiliacións totais do municipio á seguridade social, o que supuña o 9,5% das afiliacións culturais do conxunto de Galicia. Un ecosistema empresarial que

aglutinaba, segundo os datos do *Informe da Cultura Municipal 2019*, a 422 empresas culturais que supuñan o 4,4% das empresas do Concello.

É por todo isto que en Santiago necesitamos trazar un roteiro e estratexia propia, sobre todo, nestes tempos pandémicos de restricións de aforos que fixeron saltar polos aires a política expansiva de públicos que priorizaban as institucións culturais. Agora, na época dos aforos hiperreducidos, precisamos mudar a orientación das prioridades e posibilitar, en primeiro termo, un sólido apoio ás empresas e os entes sen ánimo de lucro da cidade.

As institucións públicas, o sector privado e tamén o sector comunitario da cultura de Santiago están a comportarse de xeito exemplarizante, seguindo as normas establecidas, para continuar operando.

Por todo o anterior, e porque é de xustiza apoiar a música ao vivo e a cultura segura, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. O Pleno do Concello de Santiago:

- **Manifesta o seu apoio e solidariedade co sector da cultura e especialmente da música ao vivo, recoñecendo o seu comportamento exemplar a pesar de ser un dos ámbitos máis afectados polas restricións derivadas da emerxencia sanitaria e a crise da covid-19.**
 - **Translada ao Ministerio de Sanidade e ao Ministerio de Cultura a súa disconformidade coa posibilidade de implementar futuras medidas que sexan, aínda, máis restritivas e non confíen na cultura segura, que tén demostrado a súa fiabilidade ata o momento.**
- 2. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, e a todos os grupos que conten con representación galega nas cortes do Estado.**

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Branca Novo Rei

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA